

# O SAL ÓN

XX SALÓN INTERNACIONAL  
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL  
DE PONTEVEDRA

A revolución

**II PREMIO  
INTERNACIONAL  
DE ILUSTRACIÓN**

## II PREMIO DE ILUSTRACIÓN:

### Convocado polo Concello de Pontevedra en colaboración con Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil)

A finalidade deste certame é escoller a ilustración do cartel da XX edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que se celebrará entre o 22 de marzo e o 12 de abril de 2019 e que terá como Literatura Infantil e Xuvenil convidada a dos países e comunidades lusófonas.

### Bases de participación

Este concurso está dirixido a ilustradores e ilustradoras de todos os países.

#### Requisitos de participación:

- Que o ou a participante sexa maior de idade
- Que a ilustración presentada sexa inédita e non publicada previamente nin difundida en redes sociais no momento da participación do certame.
- As persoas participantes poderán concorrer cun máximo de dúas obras, que deberán enviar de maneira separada.
- A técnica empregada para a ilustración é libre pero o envío da mesma farase **EXCLUSIVAMENTE** en formato dixital a través da web: [www.salondolibro.gal/ilustra](http://www.salondolibro.gal/ilustra)

### Tema da ilustración:

A ilustración seleccionada será a imaxe do cartel da edición de 2019 do Salón.

A ilustración do cartel deberá representar o tema protagonista da XX edición do Salón: **A REVOLUCIÓN**, deixando á libre interpretación do tema aos participantes.

### ASPECTOS TÉCNICOS E ENVÍO DA OBRA

O tamaño final do cartel será de 40x60cm (con 3mm de sangrado por cada lado), e as ilustracións concorrentes deberán adaptarse ao deseño da plantilla dispoñible na web,

cuxos elementos de de deseño son **INAMOVIBLES** (caixa negra, texto, dimensións..) e NON se poderán modificar de ningún xeito (mover, tapar, retocar...).

A **resolución final da ilustración gañadora e finalistas** deberá ter as especificacións técnicas seguintes:

Tamaño do arquivo: 40x60cm (con 3mm de sangrado por cada lado),

Formato: TIFF

Resolución: 600 ppp

Modelo de cor: CMYK

O envío de **TODAS AS OBRAS para a valoración do xurado** deberá ter as seguintes características:

Tamaño do arquivo: 40x60cm (con 3mm de sangrado por cada lado)

Formato: JPG

Resolución: 150 ppp

Modelo de cor: RGB

(Se existe algún problema durante o proceso de envío, o mail de contacto é:  
**salondolibro@pontevedra.eu**)

## Envío de fotografía e C.V. das persoas participantes

As persoas participantes deberán entregar, coa súa proposta de ilustración, unha breve biografía (máximo 120 palabras) en GALEGO ou ESPAÑOL ou INGLÉS e unha fotografía súa (branco e negro, formato JPG, medida 4x4 cm.)

## Data de entrega, fallo e premio

A recepción de propostas comezará o día 5 de setembro de 2018 as 12,00 h. e pecharase o día **10 de outubro** (ás 23,59 h hora local de Pontevedra).

Un xurado formado por especialistas do ámbito da ilustración, literatura infantil e xuvenil,

e deseño gráfico e da comunicación visual escollerán unha única proposta gañadora e 12 ilustracións finalistas.

Os resultados da deliveración do xurado publicaranse nas webs [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu) e [www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal), así como nas redes sociais das dúas entidades e de Gálix. Os creadores seleccionados como gañador ou finalistas serán contactados vía email pola organización do certame.

A **ILUSTRACIÓN GAÑADORA** será premiada con **3.000€ brutos** (\*), que abonará o Concello de Pontevedra a través do Organismo Autónomo Pazo da Cultura S.A.

As ilustracións finalistas formarán parte dunha mostra que se exhibirá no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no Pazo da Cultura da cidade, do 22 de marzo e o 12 de abril de 2019 . Tanto a imaxe gañadora, como as finalistas, formarán parte dun catálogo impreso, en formato de calendario de 2019, que correrá a cargo da Área de Cultura da Deputación de Pontevedra, onde figurará o nome e CV do autora ou autora.

## IMAXE GAÑADORA E SELECCIONADAS

O ilustradores e ilustradoras da obra gañadora e finalistas serán contactados pola organización do Salón do Libro para enviaren en formato dixital as imaxes en alta resolución, coas especificacións referidas anteriormente, a través dun sistema de envío de arquivos dixitais (Wetransfer ou similar).

Tamaño do arquivo: 40x60cm (con 3mm de sangrado por cada lado),

Formato: TIFF

Resolución: 600 ppp

Modelo de cor: CMYK

## EXPOSICIÓN DE ILUSTRACIÓNS GAÑADORA E FINALISTAS

Para a exposición, a organización do Salón do Libro contactará cos ilustradores e ilustradoras seleccionadas para solicitar o envío de ilustracións orixinais por servizo de courier (a cargo da organización), cando estean realizadas en soporte papel ou volumétrico. Unha vez rematado o certame, as ilustracións finalistas serán devoltas, por servizo de correo

certificado ou courier a cargo do Sal3n do Libro.

## **Adquisici3n da propiedade**

A obra premiada pasar3n a ser propiedade do Concello de Pontevedra. A dotaci3n econ3mica do premio incl3e a contraprestaci3n que, como cantidade alzada, proceder3a a satisfacer ao autor ou autora da ilustraci3n. A adquisici3n da exclusiva propiedade da obra premiada incl3e as3 mesmo calquera dos dereitos de explotaci3n, distribuci3n, exhibici3n, divulgaci3n, reproduci3n, transformaci3n, comunicaci3n p3blica, etc., e, en xeral calquera dos dereitos legalmente transmisibles, que poder3n ser exercitados polo Concello de Pontevedra na forma en que te3na por convinte e sen limitaci3n temporal ou territorial algunha.

## **Reproduci3n das imaxes finalistas**

Os autores e autoras das imaxes finalistas autorizan 3nicamente a reproduci3n das s3as ilustraci3ns no cat3logo, en formato calendario impreso, da exposici3n. Calquera outro uso das s3as ilustraci3ns, ser3 consultado e negociado directamente cos creadores e creadoras das mesmas.

A autor3a das ilustraci3ns, ga3adora e finalistas estar3n debidamente acreditada no propio cartel e cando se utilice a ilustraci3n en calquera outro contexto e uso.

## **Aceptaci3n**

A participaci3n neste premio implica a aceptaci3n incondicional das s3as regras, as3 como o reco3necemento da decisi3n final do xurado como irrevogable.

## **\*Fiscalidade do premio:**

- Ser3n por conta da persoa premiada todos os impostos que graven a percepci3n dos premios,
- De conformidade coa vixente lexislaci3n espa3ola, o premio obxecto deste Concurso estar3, suxeito a retenci3n do IRPF, que ser3 asumido pola persoa ga3adora.
- As demais repercusi3ns fiscais que a obtenci3n do premio te3na na fiscalidade da persoa premiada, ser3 por conta desta, polo que o Concello de Pontevedra queda exonerado de

calquera responsabilidade ao respecto.

-Os pagamentos realizaranse contra factura ou documento fiscalmente recoñecido en calquera dos tres idiomas seguintes: galego, castelán ou inglés.